



## Concello de Baralla

**DECRETO NÚMERO 58.-** Baralla 16 de xuño de 2017

Vista a “**subvención para entidades locais que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social**”, na que por este concello solicitase unha praza de socorrista para piscinas municipais.

Vista a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria na que se autoriza ao concello a contratación anticipada dun posto de traballo de socorrista.

Vistas as bases da convocatoria en relación co antedito persoal, e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, polo presente RESOLVO:


**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección (que figuran no Anexo a esta resolución), para a contratación dos seguintes postos:

-1 posto de socorrista

**Segundo.-** Autorizar o gasto con cargo ás partidas correspondentes do vixente orzamento municipal.

**Terceiro.-** Publicar a convocatoria e o texto íntegro das bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Baralla e na páxina web [www.concellobaralla.es](http://www.concellobaralla.es).

Acórdao, mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Manuel Jesús González Capón e certifíco.



---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221